

O feminismo como motor da obra literaria de Begoña Caamaño

Unha palestra afonda na relación entre activismo e creación, con Begoña Caamaño no foco.

M. Xestoso 25 de febreiro de 2026

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/feminismo-como-motor-da-obra-literaria-begona-caamano/20260225215629248511.html>

"En moitas ocasións denígrase a vocación política como motor da literatura, nunha contradición manifesta coa vontade das autoras. Sucedeu por exemplo, con [Luísa Villalta](#), sobre a que se elaboraron moitos discursos que puñan o foco naqueles aspectos menos controvertidos da súa obra. Non queremos que suceda isto con Begoña Caamaño, quen declarou por activa e por pasiva que a súa militancia feminista e a prol da lingua galega facía parte indisolúbel da súa obra literaria".

A escritora [Marta Dacosta](#) falaba así con *Nós Diario* sobre a autora de *Morgana en Esmelle* pouco antes da súa intervención na palestra *Feminismo e literatura. O compromiso na escrita feminina. O exemplo de Begoña Caamaño*, que tivo lugar onte no Centro Sociocultural das Fontiñas, en Compostela e na que interviron Marga Do Val e a propia Dacosta. O acto, segundo esta última, tiña vontade divulgativa, "queremos dar a coñecer a figura de Caamaño en todas as súas moitas facetas. Ela **sempre se declarou feminista e aplicou esa definición tanto ao seu traballo de activista como a toda a súa obra literaria**".

Caamaño foi unha das promotoras da Asociación de Mulleres Galegas na Comunicación (MUGACOM), e militou en **Mulheres Nacionalistas Galegas** (MNG) e na **Marcha Mundial das Mulleres** -organizadora do acto de onte-, polo que salientar esta faceta da súa figura resulta fundamental para comprender a globalidade do seu traballo creativo.

A óptica feminina

As dúas novelas polas que é máis coñecida Caamaño inciden nesa necesidade de ter presente o seu compromiso á hora de avaliar a súa obra. **Marga Do Val** explica que "*Circe ou o pracer do azul* revisa a mitoloxía grega desde un punto de vista feminista; *Morgana en Esmelle* enlaza a materia de Bretaña co mundo de Cunqueiro, desde unha mirada feminina que opón os roles de Morgana e de Viviana aos propósitos e intencións de Merlín".

Do Val inscribe ese proxecto de "**reescribir os mitos desde a óptica feminina**" nunha corrente que remonta á novela de Christine Brückner *Se tiveses falado, Desdémona*, ou a algunhas obras de [María Xosé Queizán](#) ou de [Xohana Torres](#), en cuxos versos se apoia Caamaño.

"Creo que no seu momento non se chegou a entender ben este proxecto. **Penso que no seu día leuse máis *Morgana* que *Circe*, malia a importancia que esta última tivo na definición da poética de Caamaño**", acrecenta Do Val.

"Na súa obra, Caamaño tenta recuperar as voces femininas silenciadas durante séculos", concorda Dacosta. "Non podemos obviar que ela sempre mantivo, literalmente, que debemos exercer como feministas en todos os aspectos da vida".

Compromiso responsábel

Mais a militancia de Begoña Caamaño tivo outros horizontes talvez menos recordados. Dacosta lembra o seu labor sindical na CRTVG, desde onde **denunciou a manipulación informativa e invocou a responsabilidade do xornalismo no bo uso do galego**. "Ela lembraba que o esquecemento desa obriga contribuía á deturpación do idioma", rememora Dacosta.

Pola súa parte, Do Val incide nos artigos que escribiu na [revista antimilitarista *Ar!*](#) "Estaba moi implicada na denuncia do Servizo Militar Obrigatorio (SMO), e coa defensa da insubmisión, porque defendía que o militarismo era un produto do patriarcado e que, xa que logo, apelaba tamén as mulleres".